

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA 30 DE XUÑO DE 2017**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ  
MANUEL CID PÉREZ  
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA

FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL

MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20.00) do día TRINTA de XUÑO do DOUS MIL DEZASETE, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, concelleiro do BNG
- MARIA ISABEL POISA REY, concelleira do BNG
- JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ, concelleiro do PP

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas o 28.04.2017 e 05.06.2017.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Proposta da alcaldía para incoar un expediente de declaración de Allariz como "zona de grande afluencia turística".**
4. **Alleamento de parcelas no Parque Empresarial SUI-1 Chorente de Allariz.- Convocatoria dunha licitación para allear as parcelas n.º 60 e 61 mediante poxa.**
5. **MOCIÓN DO BNG sobre o sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos en Galicia.**
6. **MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre o déficit das prazas na escola infantil de Allariz.**
7. **MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre a mellora da sinalización dos establecementos comerciais e hostaleiros do casco histórico de Allariz.**
8. **MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre mobilidade sustentable no Concello de Allariz.**
9. **MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre o restablecemento do servizo de ciruxía pediátrica no complexo hospitalario universitario de Ourense (CHUOU) por parte da Xunta de Galicia.**
10. **Rogos e Preguntas.**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas o 28.04.2017 e 05.06.2017.**

*Apróbase, sen modificación alguna, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.*

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **Proposta da alcaldía para incoar un expediente de declaración de Allariz como "zona de grande afluencia turística".**

Da conta o Alcalde sinalando que o Concello, actualmente, xa conta coa declaración de municipio turístico estando integrado na sección de concellos da Fegamp que contan con tal declaración. Esta declaración tamén daba pé a que os horarios comerciais tiveran unha maior flexibilidade, entre outras cuestións, tamén a posibilidade de acollerse a axudas específicas, pero tamén tiña a outra vertiente, que tamén interesa ó concello dada a súa dimensión económica no ámbito comercial cunha especial incidencia nos fins de semana. Coa nova lei reguladora dos horarios comerciais - Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia- esíxese non só a declaración de municipio turístico senón tamén a declaración pola consellería competente na materia esta nova denominación de "zona de grande afluencia turística" previo acordo do pleno do concello. Á vista da normativa, e dos requisitos que se esixen, o grupo municipal de goberno entende que non vai haber dificultade para que Allariz cumpla os requisitos para obter esta declaración, tendo en conta que esta declaración non só tería como obxectivo cumprir esta finalidade (flexibilidade de horarios) senón, obviamente, recoñecer a realidade que temos en Allariz en canto ao tecido económico do sector servizos, a capacidade hosteleira, os eventos específicos adicados a este sector e ó mesmo tempo hai que ter en conta as ventaxas que se derivan desta declaración. Por suposto, a incidencia sobre os horarios comerciais é importante sobre todo para contar coa maior seguridade xurídica para non ter ningún tipo de incidencia coa Inspección de Traballo. Por elo, proposta é para por en marcha a tramitación do expediente administrativo, que se recaben os informes preceptivos aos que se refire a propia norma (artigo 9)

e, cando o expediente esté concluído, elevaríase ao pleno coa correspondente proposta para o seu traslado á Xunta de Galicia para a súa resolución.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, expresa a súa conformidade coa proposta e recorda que o seu grupo na lexislatura pasada xa fixera unha proposta neste senso para que, ademais de recoñecer unha realidade, o comercio non teña problemas de seguridade xurídica en canto ós seus horarios comerciais; por eso alégrase de que finalmente se poña en marcha a iniciativa que eles xa solicitaran fai tres anos. Non é tarde se o fin é bó, conclúe.

Polo Grupo socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que vai votar favorablemente, pero pide que se aclare cá é a medida en concreto que se persigue porque, tanto a providencia da alcaldía como o informe de promoción económica, non aclaran a necesidade desta actuación. Concretamente, sinala, o artigo 9 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, require o cumprimento dunha serie de requisitos, como que a proposta deberá especificar se a exclusión se pide para a totalidade do municipio ou só para unha parte deste, e indicar o período ou os períodos do ano aos que se circunscribe a solicitude e máis a franxa horaria de apertura diaria solicitada, e achegar unha serie de informes, como o da cámara de comercio do ámbito; das asociacións ou agrupacións de comerciantes retalistas máis representativas do sector comercial; das asociacións de consumidores e usuarios máis representativas e das organizacións sindicais máis representativas, que neste caso aínda non se teñen.

Intervén finalmente o Alcalde para explicar que, precisamente, o acordo de iniciación tería por obxecto desenvolver todas estas cuestións e incorporar os informes aos que se refire a concelleira establecidos polo citado artigo. En principio, a declaración tería un ámbito concreto: Vila de Allariz, se ben, podería variar o ámbito territorial á vista da propia tramitación e dos informes que se vaian incorporando por parte das entidades e asociacións de Allariz que se solicitarán para que opinen sobre esta cuestión para conformar a proposta que se elevará á Xunta de Galicia. Sobre as ventaxas: recoñecer a realidade dun municipio que conta cunha oficina de turismo aberta todo o ano, seguramente a única da provincia que presta servizo durante todo o ano, que atende a máis de trinta e catro mil persoas; hai eventos específicos que teñen por obxecto a promoción turística e a atención ao sector; hai un tecido económico e social potente que, máis alá dos horarios comerciais, tería a oportunidade de participar na convocatoria de subvencións, mesmo participar en redes de concellos que contan con esta declaración para promover e propiciar un traballo conxunto como antes xa ocurría cos municipios declarados turísticos. Básicamente, estes poderían ser o obxectivos, sinala o Alcalde. En relación ós horarios comerciais quizá non convén alertar na medida en que a liberalización que xa se ten producido para os concellos que teñen unha dimensión determinada non hai problema coas aperturas salvo naqueles días en que a lei establece que non se debe abrir, pero hai que ter en conta que hoxe xa temos un centro de outlets no que hai comercios que pertencen a grandes firmas que, pola súa razón social, están implantadas en grandes centros comerciais, e polo tanto necesitan ter seguridade xurídica nas aperturas. Non obstante, insiste en que a declaración non hai que enfocala unicamente pola parte dos horarios comerciais senón cuns obxectivos máis amplos e sobre todo que se lle recoñeza a Allariz a constatación dunha realidade de sector económico e comercial potente como acredita o número de visitantes que recibe. Sobre o ámbito territorial e temporal (para todo o ano ou parte), podería ser aplicable tamén o núcleo de Santa Mariña, eso é algo sobre o que todos poden aportar a súa posición no expediente administrativo.

Polo exposto,

Visto o informe-proposta de data 26.06.2017 asinado pola concelleira de promoción económica, turismo e comercio, M<sup>a</sup> Cristina Cid Fernández, polo que explica que:

1. O Concello de Allariz conta coa *declaración de municipio turístico*, segundo resolución do 7 de decembro de 1999 do Consello da Xunta de Galicia (DOG do 3 de xaneiro de 2000).

2. Allariz é un concello da provincia de Ourense de 85 Km<sup>2</sup>, con 92 núcleos de poboación distribuídos en 16 parroquias, que conta cunha poboación de 6.178 habitantes (xuño de 2017). O municipio está cruzado de este a oeste polo río Arnoia, accidente xeográfico presente en moitos episodios da vida e da economía da poboación alaricana.

Diferentes aspectos inciden na desenvolvemento turístico e económico de Allariz:

Allariz foi declarada Conxunto Histórico Artístico no ano 1971, facendo xustiza ao rico legado arquitectónico e cultural presente no seu Casco Histórico. Allariz é historia, é tradición, é modernidade e futuro; en resumo, Allariz aseméllase ao seu casco histórico, é harmonía. A monumentalidade de Allariz responde á importancia da súa historia. O seu casco histórico ofrece

un bo estado de conservación, grazas ao esforzo rehabilitador dos últimos anos, traballo recompensado co Premio Europeo de Urbanismo en 1994.

- O municipio conta cun importante tecido empresarial vinculado ao comercio polo miúdo e ao turismo, sendo o sector hoteleiro e o da restauración o que conta cunha gran representación, hoteis, casas de turismo rural, restaurantes ou tapas que ofertan ao visitante produtos de calidade e de produción local.

- O programa *Allariz Sabe* engloba os produtos gastronómicos de calidade de produción local: amendoados, queixo de ovella, embutidos, cervexa artesá e carne de boi entre outros.

- O Centro *Outlet Allariz* instalado no Nucleo Histórico confórmasse de diferentes propostas de deseñadores galegos e de marcas de prestixio que venden roupa, calzado e complementos con descontos.

- O *Festival Internacional de Xardíns de Allariz* é un espazo de 37.700 m<sup>2</sup> de auga, sons, cores e vexetación. Tres hectáreas de natureza que apenas se permiten unha concesión: a dun certo artificio, a dun desvario da imaxinación, impetuosa pero sempre sometida á onnipresenza do río. É o Festival Internacional de Xardíns de Allariz. Pioneiro na península xunto co portugués de Ponte de Lima, o Festival é un quebracabezas verde que mantén durante o ano un marco estrutural fixo e renova, cada primavera, doce espazos asignados á creatividade e á innovación de paisaxistas de todo o mundo. O Festival é un gran concurso de ideas e deseños de xardinería inserido no proxecto municipal como unha peza, todo el, dese outro gran crebacabezas que é o plan de revitalización e desenvolvemento de Allariz. No ano 2016 recibiu 40.000 visitantes.

- En xullo de 2005 o Programa Home – Biosfera da UNESCO recoñeceu o territorio denominado Área de Allariz - que comprende a totalidade dos concellos de Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, A Bola e Allariz - como *Reserva da Biosfera*. Esta declaración significou un importante recoñecemento ao traballo feito polas entidades e colectivos do territorio, mais sobre todo polas persoas, polos homes e mulleres que residen en Área de Allariz. As iniciativas e os proxectos levados a cabo, teñen contribuído á mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas, incrementando as perspectivas de desenvolvemento socioeconómico no presente e no futuro e valorizando os recursos endóxenos cun constante respecto polo medio ambiente, contribuíndo con todo elo, á loita contra o abandono do medio rural. A declaración de Reserva da Biosfera pola UNESCO significa unha responsabilidade, mais é tamén un reto moi importante como "laboratorio de desenvolvemento sostible" e polo tanto, como modelo para impulsar boas prácticas en outros territorios.

- Allariz conta cunha importante oferta de actividades ao longo do ano, dinamizando os sectores empresariais do municipio e atraendo a visitantes de diferentes puntos de Galiza, Portugal e o resto do Estado - segundo datos a Oficina Municipal de Información ao longo do ano 2016 recibíronse 34.716 consultas de turistas e visitantes que solicitaron información na propia oficina.

3. Allariz conta con diversos premios e recoñecementos que avalan a traxectoria deste municipio:

- En 1994 concédeselle o premio do Consello Europeo de Urbanismo polo "Proxecto de Recuperación Integral do Conxunto Histórico Artístico de Allariz e o seu río".

- Inclusión de Allariz no Programa Hábitat de Boas Prácticas auspiciado pola ONU, en dúas convocatorias, na primeira polos traballos realizados en torno á recuperación do patrimonio, e a segunda polo programa de recuperación de superficies.

- "Premio da Crítica" polas súas actuacións no campo da cultura e a recuperación etnográfica.

- "Premio Voz Natura" polas actuacións ambientais realizadas.

- Inclusión nun catálogo de Boas Prácticas da Junta de Andalucía.

- Reserva da Biosfera "Área de Allariz" (xunto cos concellos de A Bola, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos), pola UNESCO en xuño de 2005

- "Pueblo mensajero del Agua", Vitoria 2006.

De conformidade coa Providencia do Alcalde de data 26.06.2017;

O Pleno, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMEIRO. Incoar o expediente de declaración de Allariz como zona de grande afluencia turística de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

SEGUNDO. Unha vez instruído o expediente administrativo coa incorporación dos informes preceptivos aos que se refire o artigo 9 do citado texto legal, elevarase ao Pleno da corporación cunha proposta motivada.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para ordenar os actos de instrución do procedemento segundo corresponda.

### **3. Alleamento de parcelas no Parque Empresarial SUI-1 Chorente de Allariz.- Convocatoria dunha licitación para allear as parcelas n.º 60 e 61 mediante poxa.**

Da conta o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, sinalando que á vista do interés expresado por parte dun empresario pola compra de dúas parcelas, como o procedemento legal que hai que seguir é o da poxa é polo que se promove a convocatoria pública para a presentación libre de ofertas a un prezo inicial de saída de 45 euros/m<sup>2</sup> mais iva, que é o que se ten establecido en todas as vendas de parcelas do parque empresarial.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, expresa a súa conformidade coa proposta sen mais.

Polo Grupo socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que, se ben o seu voto vai ser favorable, non obstante gustaríalle saber qué empresa está interesa e a qué actividade se dedica. Cree tamén que un dos criterios que se debería ter en conta para allear as parcelas é o da creación de postos de traballo. Por outro lado, facendo unha comparativa dos prezos do solo industrial con outros concellos da provincia: Barco de Valdeorras, 56 €/m<sup>2</sup>, pero cunha bonificación do 50% que quedan en 28€/m<sup>2</sup>; Carballiño de 62,59€/m<sup>2</sup>, coa bonificación do 50% queda en 31,25€/m<sup>2</sup>; Rivadavia, de 60,80€/m<sup>2</sup>, queda en 30,4€/m<sup>2</sup>; en Pazos (Verín), de 66€/m<sup>2</sup>, coa bonificación do 50%, queda en 33€/m<sup>2</sup>, pregunta por qué en Allariz non se é mais competitivo, porque os prezos destes parques están moi lonxe dos 45€/m<sup>2</sup> de Allariz.

Explica o Alcalde que o parque empresarial de Allariz é un parque de iniciativa municipal no que as parcelas adquiríronse a 6€/m<sup>2</sup>; despois de urbanizalo, a 1ª fase vendeuse a 21,04€/m<sup>2</sup> e na segunda fase está sendo vendido a 45€/m<sup>2</sup>. Os prezos dos concellos citados efectivamente son os prezos dos parques desenvolvidos por Xestur, da Xunta de Galicia, que tiñan un prezo superior á iniciativa que o concello de Allariz puxo en marcha optando pola vía da bonificación sobre o prezo inicial de venda, habería que saber qué pensan os compradores de parcelas que compraron antes da bonificación. En Allariz lévanse a cabo outras medidas de incentivación, p. ex. aplicouse unha redución do 50% no imposto sobre construcións para favorecer a implantación de empresas, pero ao mesmo tempo tampouco queremos danar os intereses económicos do concello. Houbo un esforzo inversor moi importante adiantando fondos públicos nesa urbanización que hai que recuperar. Sobre a empresa que está interesada trátase dunha empresa adicada na área da automoción á actividade de desguace e tratamento de vehículos, con centros en A Coruña e Ourense. O goberno municipal é partidario de seguir mantendo o prezo de 45€/m<sup>2</sup> na medida en que o parque aínda con ese prezo ten unha ubicación privilexiada; que hai feito un esforzo inversor municipal importante con fondos públicos que se perderían. Polo mesmo, cando en Allariz se fala de endebedamento público, tamén se pon o énfase no patrimonio que ten o concello, unha parte do cal son precisamente as parcelas do parque empresarial, 40.000 m<sup>2</sup> aprox. pendentes de vender. Así e todo, non hai que esquecer que nos últimos anos implantáronse empresas como a Planta de Aglomerado que ten 12.000 m<sup>2</sup>, púxose en marcha outra empresa de loxística de transportes, Via Nova Transitarios; outras, ampliaron instalacións, o cal demostra que o parque é competitivo e non ten parón; algún dos parques citados ten un número mais reducido de empresas e con menos postos de traballo. Por todas estas razóns o concello aposta por manter o prezo dos 45€/m<sup>2</sup>.

A petición da portavoz do Grupo municipal Socialista acéptase variar a hora da mesa de contratación para as 13.30 horas para facilitar a presenza dos concelleiros á mesma.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado.

O Pleno, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, ACORDA:

PRIMERO. Aprobar o expediente de contratación (B.2017.01), mediante procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, ao mellor prezo, para enaxenar ao prezo mais alto (poxa pública), como único criterio de adxudicación, dous bens inmobles (parcelas), de propiedade municipal, descritas como parcelas núm. 60 e núm. 61 sitas no Parque Empresarial de Chorente (SUI-1) de Allariz, con destino para usos industriais.

SEGUNDO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirá o contrato de enaxenación coa modificación de que a mesa de contratación celebrará ás 13.30 horas, en lugar de ás 12.30 previstas inicialmente.

TERCERO. Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial de la Provincia e no Perfil de Contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de 15 días podan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde, tan amplamente como en dereito proceda para que proceda á execución deste acordo.

## **5. MOCIÓN DO BNG sobre o sistema de concerto para financiar os servizos públicos básicos en Galicia.**

Da conta o propio Alcalde do texto moción de data 26/06/2017, presentada polo grupo municipal do BNG, co seguinte teor literal:

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira M<sup>a</sup> del Carmen Pérez González, sinala que de novo preséntase unha moción con mero afán de protagonismo, na que se pide algo primando os intereses dun partido nacionalista por encima dos intereses dos galegos.

Galicia non recada o que din na súa moción, as cifras oficiais do ano 2014 non son os 11.000 M de euros que din no seu escrito. Tamén din, e niso estamos de acordo e sentímonos orgullosos, que se destinan 7 de cada 10 euros recadados a política social. Lembraremos as súas palabras cando lles conveña cambiar o seu discurso. Hai que sinalar que en Galicia non se recada máis porque o imposto de sucesións non grava aos herdeiros directos que reciban un legado inferior aos 400.000,00 euros, é dicir, o 99% da poboación, e o tramo autonómico do IRPF é máis baixo que noutras comunidades, o que supón que o 98,5% da poboación beneficiase desta vantaxe e supón un aforro de 380 euros ao ano por contribuínte. Ademais, aplícanse unha serie de bonificacións fiscais para familias, fogares e empresas, por exemplo, a rebaixa fiscal para adquirir unha vivenda habitual no rural, o que beneficia a 3.462 parroquias, o 94% do territorio de Galicia.

Din que non temos Facenda Galega, e iso tampouco é así, pois temos desde o 1 de xaneiro de 2013 unha Axencia Tributaria propia, a ATRIGA, creada mediante o Decreto 20282012 de 18 de outubro, que tamén aprobou o seu estatuto. Levamos catro anos liquidando os impostos transferidos nunha axencia propia.

E agora imos escoitar a opinión dos expertos. O FORO ECONÓMICO DE GALICIA cifra en 1.000 M de euros o prexuízo para Galicia, en caso de concerto, e as palabras textuais son: "Se o concerto non se aplicara so a algunhas comunidades e se convertese non sistema que adoptasen todas as comunidades, Galicia afrontaría unha perda aínda maior que non caso anterior, xa que se todos os recursos do sistema dependesen da capacidade fiscal propia, a comunidade galega perdería ao redor duns 1.000 millóns".

En resumo, non se pode utilizar o sistema de financiamento autonómico para resolver os problemas de identidade dos nacionalismos, estamos a falar de persoas ás que temos que prestar servizos, aos que teñen dereito todos os cidadáns, tanto na cidade como na aldea, con independencia do lugar onde residan, servizos que son para os cidadáns, non para os territorios.

Todo na vida está conectado, sinala a concelleira, e o Estado e as Autonomías non van ser unha excepción, e así como España necesita de Galicia, Galicia necesita de España, da mesma maneira que este Concello necesita da Deputación para acometer obras por exemplo a

mellora do firme da estrada de Xunqueira de Ambía ou da Xunta de Galicia para facer unha senda peonil que una a Vila con Outeiro de Orraca, por pór dous exemplos.

Con isto non queremos dicir que non se poida mellorar o modelo, e convidámoslles a que se sumen á participación no deseño, pero consensuado e pensando nos galegos, non en necesidades electorais do momento, que é o que demostran os seus feitos, xa que nos anos 2005 e 2007, o BNG, como parte integrante do infame Goberno Bipartito, acudiu ás Conferencias de Presidentes, e como apoiaban por entón ao Goberno Central, a súa presenza non serviu para avanzar no seu demandado autogoberno de Galicia.

Para terminar, sinalaremos que as modificacións do modelo teñen que ir na liña de mellorar o cálculo dos índices de necesidades de gasto e mellora na ponderación dos factores que encarecen a prestación de servizos (envellecemento da poboación ou dispersión), conclúe.

Polo grupo municipal socialista do PsdeG-PSOE, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, sinala que o seu grupo coincide co BNG en que Galicia precisa dun modelo de financiamento que teña en conta as nosas singularidades para financiar os custes dos servizos, a dispersión, o avellantamento poboacional e a despoboación, pero os criterios que defenden os socialistas -sinala- no novo modelo de financiamento que está en marcha son: a corrección dos desequilibrios verticais e a suficiencia financeira; a equidade e solidariedade plena; a estabilidade, a autonomía financeira, a lealdade institucional e colaboración, así como tamén a sostibilidade. Non coinciden coa práctica dos cupos, non cree que sexa un modelo axeitado e solidario, xera desigualdade e privilexios inaceptables. Galicia perdería no entorno dos mil millóns de euros ó ano. Serva como exemplo desto a recente Lei dos Oramentos do Estado na que o PP e o PNV simularon no Congreso do Deputados unha especie de feira na que vascos e canarios puxéronse a botas, por todo elo, o seu voto será en contra.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que lle gustaría ter a posibilidade de entender que os nacionalistas temos racionalidade á hora de facer as propostas sabendo que elo sería beneficioso para a totalidade dos galegos porque os galegos tamén pagan impostos -sinala-, e claro que necesitamos de España, como España necesita dos galegos, pero dito así, desde a perspectiva do Partido Popular parece que os galegos non pagan impostos. Se a pesar das rebaixas que se aplican, como dí o Partido Popular, temos capacidade recaudatoria, porque o noso IRPF e o IVE son uns nove mil cento oita e oito millóns de euros, que pagamos os galegos -afirma. Pero, os galegos ademais de pagar IRPF e IVE tamén pagamos os impostos transferidos á Comunidade Autónoma que recauda a Axencia Tributaria Galega, por certo con bastante presión fiscal, sinala. Pero tamén pagamos cando fumamos, cando consumimos alcohol, e o mesmo ocorre coas empresas que pagan o imposto de sociedades en Madrid pero teñen en Galicia unha parte importante do seu negocio, p. ex. Repsol, Gas Natural e as demais empresas que operan en Galicia. Os nacionalistas, sinala, tamén teñen bastante sentido cando afirman que esto debería ser público e notorio. Cando os expertos din que perderíamos mil millóns, o Alcalde pregúntase cómo é posible que, como se ten publicado, que un vasco gañe en 12 meses o que o un galego en 16, non parece que o sistema de concerto lles teña ido mal, ¿por qué é insolidario, pregunta? O que haberá que facer despois é unha política fiscal xusta para que quen mais teña pague mais, pero non parece normal que, con esa idea de que temos que estar ben con España, él non ten problema neso -afirma- resulta que os nosos recursos non poden ser utilizados no noso beneficio (caso da electricidade, ou que o noso aforro esté financiando o desenvolvemento doutros países...) Se son as Comunidades Autónomas as que teñen a maior potencia de gasto (Sanidade, Educación, Servizos Sociais...) por qué non van ter na mesma liña a capacidade de recadación, cál é dificultade. A continuación veríanse as competencias que ten o Estado (Defensa, Exteriores, etc...) que habería que financiar, veríase cál é esa porcentaxe de gasto e financiaríase, simplemente ó revés de cómo se fai actualmente. O certo é que Galicia, con este sistema de financiación, estase endebedando cada ano a un ritmo de mil millóns de euros, mesmo se publicou recentemente nos medios que cada ún de nós debía mais de 4.700 euros, o cal, facendo a conta, daría para que o concello de Allariz tivera unha débeda de 25 millóns de euros, en vez dos 3,7 que ten. Non se trata de querer facer unha moción atractiva, que tamén, como todos, pero ten que ver co benestar, cos servizos, e mesmo coa dignidade de ter que escoitar sempre, que Galicia non ten recursos, que dependemos, que temos que vivir da solidariedade, pero non é así, afirma. Non habería mais que deixarnos probar a modalidade de concerto para ver cómo nos iría tan ben como ós países que xa teñen esta modalidade.

Interven a continuación a portavoz do PP, Luz Doporto Real, para sinalar que con respecto á dignidade á que apela o Alcalde que nos une a todos os galegos, porque a todos nos gustaría poder falar noutras condicións, non ter unha poboación tan envexecida como temos, non ter a dispersión poboacional que temos, pero o certo é que na calidade de vida das persoas tamén influe o que os concellos fan, recadan e aplican. Cando antes o Alcalde falaba do Imposto de Transmisións e dicía que facía liquidacións confiscatorias e abusivas por parte do Goberno galego,

hai que saber que o Concello de Allariz moito ten que ver neso, porque o catastrazo alaricano, que foi bastante mais importante que no resto de Galicia, un dos concellos de mais de cinco mil habitantes con mais presión fiscal da provincia, ó subir o coeficiente eso inflúe no imposto de transmisións e actos xurídicos documentados, é dicir, ó subir a valoración das casas inflúe no imposto de transmisións. Sobre a débeda da Xunta de Galicia, como se o Presidente da Xunta estivera encantado de xerarlle a todos os galegos unha débeda de mais de 4.700 euros/hab non hai que esquecer que cada neno alaricano que nace xa hereda 900 euros de débeda. Non se trata de ver os problemas só nos demais, tamén hai que saber recoñecer os propios. Todos estaríamos encantados de ter unhas condicións de poboación e de economía moi distintas ás que temos, pero o envellecemento é un problema endémico no noso país, para o cal todos teríamos que empezar a remar para o mesmo lado e non pensar en políticas partidistas, senón en políticas que pensen nas persoas e que pensen qué podemos facer mellor para que a nosa xente xove se siga asentando no rural para ter mais recadación, e mais posibilidades de subsistir no futuro.

Intervén finalmente o Alcalde para indicar que, precisamente o obxectivo da moción, entre outras cousas, é para que os veciños de Allariz non teñan unha débeda de 900 euros/veciño e que tamén os galegos non teñamos mais de 400 euros hai que mellorar a financiación galega. O modelo actual o que nos leva é a unha financiación inxusta para os concellos e tamén insuficiente para a Xunta de Galicia, despois de pagar o que nos corresponde e sendo solidarios cos demais, pero tamén sen vivir á conta de ninguén, pero tampouco que outros vivan á conta nosa. Con respecto ós valores que se utilizan para o imposto de transmisións non ten nada que ver cos nosos valores catastrais, a propia Xunta aproba as súas valoracións.

Polo exposto,

Pola maioría absoluta legal, contando cos votos favorables dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (7) e cos votos desfavorables das concelleiras dos grupos municipais do PP (2) e PSdeG-PSOE (1), presentes na sesión no momento da votación, o Pleno acorda aprobar a moción de data 26/06/2017, presentada polo grupo municipal do BNG, co seguinte teor literal:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O actual sistema estatal de financiamento autonómico, vixente desde 2009, amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise.

A *Conferencia de Presidentes* que tivo lugar en xaneiro de 2017 unicamente acordou iniciar os traballos para a súa revisión, xa que desde 2014 estaba prorrogado por decisión unilateral do Goberno central. As conclusións deste conclave deixan entrever que o Goberno central e os gobernos das comunidades autónomas presentes non teñen interese en facer unha revisión a fondo do sistema de financiamento, mantendo en mans da administración central do Estado a maior parte da capacidade fiscal e recadatoria.

Desde o BNG cremos necesario mudar o actual modelo, onde Galiza recibe o que se acorda desde Madrid, sen capacidade para exercermos unha política fiscal propia. Galiza ten competencias en políticas sociais fundamentais, xestionando os servizos básicos máis relevantes: sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Asume, por tanto, a responsabilidade sobre unha parte importante das denominadas "políticas de benestar", que requiren de elevados recursos económicos para o seu funcionamento. A pesar diso, este sistema de financiamento, baseado en transferencias e cesión de impostos, apenas lle permite a Galiza decidir realmente sobre a política fiscal, sobre a xestión e recadación dos impostos que se pagan aquí, que son o soporte que realmente financia as competencias e servizos básicos atribuídos a Galiza.

O proceso consecuente coa descentralización competencial habería de configurarse arredor do principio polo cal a quen lle corresponde manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ha de ostentar a responsabilidade da política fiscal. Nestes momentos, a Xunta de Galiza, en virtude da descentralización competencial, é titular dos servizos básicos anteditos, co que destina a maior parte do seu orzamento de gastos a políticas sociais. O propio Goberno galego actual cifra en 7 de cada 10 euros a porcentaxe de fondos do orzamento da Xunta destinados a políticas sociais e, non obstante, a pesar de exercer as competencias nos servizos públicos básicos e do gasto social, non ten capacidade para responsabilizarse do ingreso para financeiro. Así, no que atinxe aos ingresos, case 2 de cada 3 euros do orzamento da Xunta de Galiza dependen do sistema de financiamento común, cuxas decisións fundamentais determina o Estado. Dunha banda, pola capacidade á hora de fixar os mecanismos do reparto, pois o Estado ten os mesmos votos que o conxunto de todas as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e



Financeira. Doutra banda, por que estes recursos teñen orixe na política fiscal, cuxo deseño e aplicación a través da regulación e recadación dos principais tributos tamén exerce o Goberno central.

Se Galiza optase por un sistema de concerto económico co Estado español, sería a Xunta de Galiza, como administración responsábel de cada un dos servizos públicos básicos, quen decidise o diñeiro destinado a estes e responsábel de decidir sobre os impostos. Iso suporía que as persoas obrigadas pola imposición fiscal poden identificar con maior clareza o custo-beneficio do gasto público. Certamente, cun sistema de concerto para Galiza avanzamos á hora de decidir por nós mesmos/as, mais tamén nos convén do punto de vista económico, tamén gañamos diñeiro para atender as competencias do noso país.

O BNG aposta por un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado que logo reviste coa denominada "solidariedade interterritorial", que nunca tivo unha demostración empírica da súa aplicación.

Fronte ao actual sistema de financiamento autonómico só dous territorios tiveron un sistema de concerto co Estado, e nunca entraron nas leas sobre a suficiencia do modelo, as eivas para financiar os servizos básicos, ou outras similares. Ao contrario, os modelos de concerto vasco e navarro atinxiron sempre alto nivel de consenso entre as administracións implicadas, e conseguiron ademais que as facendas destes territorios gozasen dunha maior suficiencia financeira, e mesmo acreditaron unha maior eficacia á hora da aplicación da política fiscal. Ademais, agora xa se están a expresar voces autorizadas a prol do concerto económico entre o Estado e Catalunya, como foi o caso do propio presidente da Xunta, Núñez Feijoo, quen, en novembro pasado, se amosou disposto a discutir que Catalunya teña un concerto similar ao vasco ou navarro. Iso implicaría que as nacións ('nacionalidades históricas' na terminoloxía constitucional), gocen dun sistema de relacións económicas e fiscais bilaterais co Estado, co que Galiza non pode ficar á marxe, do contrario estaría a admitirse unha intolerábel rebaixa do seu status institucional e político.

Por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada á do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin do deseño dunha política económica propia de políticas acaidas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social se non podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.

As galegas e os galegos estamos a contribuir con máis diñeiro en impostos ao Estado español do que o Goberno central logo transfere para o noso financiamento. Se nos remitimos ás liquidacións tributarias, a recadación dos impostos en Galiza asignados ao sistema de financiamento (datos de 2014, últimos dispoñíbeis) foi de 9.188 millóns de euros, e engadindo a parte que nos correspondería de impostos totalmente centralizados (entre eles o Imposto de Sociedades) en función do peso económico de Galiza no conxunto do Estado (1.942 millóns máis) a recadación final ascende a 11.131 millóns de euros. Pola súa banda, as remesas do sistema de financiamento a Galiza foron no ano 2014 7.034 millóns de euros.

O sistema de concerto permite mellorar o financiamento dos servizos básicos, ampliar as competencias asumidas para incorporar á administración galega (salvamento marítimo, policía galega, etc); e, sobre todo, asumir a administración do financiamento dos concellos de Galiza e unha distribución acorde á realidade local galega e superar o actual reparto discriminatorio do Estado que para concellos de menos de 75.000 habitantes non ten en conta os maiores custos que supoñen a dispersión xeográfica e o avellentamento, ou premiando a concentración poboacional de Madrid, Barcelona ou Valencia, en detrimento de Vigo, A Coruña ou Ourense.

Tamén se evitaría que se dese preferencia desde o Goberno central a destinar os nosos impostos para rescatar a banca privada, manter o avultado financiamento de defensa e armamento militar ou soste un aparello burocrático centralizado sen vinculación coa prestación de servizos.

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos, apoiar aos sectores produtivos, e mesmo mellorar o financiamento dos concellos galegos en base a un reparto con criterios propios.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

### 1. Instar ao Goberno galego a:

a) Defender un novo acordo de financiamento para Galiza, baseado no concerto económico, na atribución a Galiza da plena capacidade normativa e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, para asegurar a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo.

b) Demandar, con base no modelo de concerto económico, a territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno: a política fiscal.

c) Impulsar a creación dunha Axencia Tributaria Galega, que terá capacidade para a organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsable, de todos os tributos soportados en Galiza. Esta Axencia será a encargada de levar a termo:

- A transferencia dos recursos necesarios desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afecten a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos.

- A transferencia aos concellos galegos, con base nun modelo propio de financiamento local, dos recursos necesarios para atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega

d) Promover a creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

### 2. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno galego, ao presidente do Parlamento de Galiza e ás persoas portavoces do grupos parlamentares.

## 6. MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre o déficit das prazas na escola infantil de Allariz.

Antes da conta da moción, a portavoz quere deixar contancia da explicación en canto ao número de mocións que presenta o seu grupo, cuatro mocións, dúas correspóndense á sesión ordinaria do mes de maio que non se celebrou e as outras dúas serían as propias dos mes de xuño; descoñecía o acordo da Xunta de Portavoces que limita o número de mocións por grupo a dúas. Pide non obstante disculpas polo número de mocións.

Sen problema, sinala o Alcalde.

Da conta da moción de data 18.05.2017, núm. 1625, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que por parte do BNG hai coincidencia no obxectivo en canto a que a política municipal levada cabo nestes anos fundamentada nunha oferta de equipamentos e servizos públicos de calidade xunto coa actividade económica ten permitido recuperar demográficamente poboación no concello e, nese senso, sendo conscientes de que hai unha dificultade no conxunto do concello, especialmente no medio rural como sinalaba a portavoz do PP en canto a envellecemento, a Vila e o concello en xeral ten uns datos esperanzadores. Non hai moito, o diario La Región do pasado 1 de marzo indicaba que o maior crecemento porcentual, comparando a poboación de 0 a 4 anos, nun período de 10 anos, desde o 2006 ó 2016, atopase en Allariz: "a cabeceira da comarca confirmase como un dos pulmóns xóvenes da provincia con casi un 17% mais con respecto ó 2006, pasou de 337 a 403"; nesta franxa estamos por enriba de Xinzo de Limia que ten 10.000 habitantes, ou Carballiño que ten casi 13.000. Esta é unha realidade da que nos sentimos especialmente satisfeitos, sinala o Alcalde, de que moitas familias teñan escollido Allariz para fixar a súa residencia, que haxa moitos nenos, e polo tanto nise aspecto mesmo a ampliación do CEIP permitiu dar unha solución nise ámbito de igual xeito que a previsión que se fixo no seu día no ámbito educativo para a educación secundaria e co Bacharelato nos permite ter unhas instalacións educativas de longo percorrido para atender esta demanda.

Con respecto á escola infantil hai que ter en conta que estamos falando dunha das escolas mais grandes da provincia, con 6 unidades (O Carballiño ten 4; A Rúa, 3). En Allariz os casos que hai son 9 neste curso, dos cales hai 5 nos que traballan o pai e a nai e 4 en que traballa só o pai. Ó mesmo tempo, hai 8 vacantes no grupo de 0 a 1 anos que él cree que se van a cubrir. O problema que se indica na moción é correcto, sinala, porque aínda que desde o concello estamos satisfeitos porque un 95% dos solicitantes teñan praza, queda a insatisfacción de que o 5% quede sen praza. Está de acordo en darlle prioridade para ningún neno que demande unha praza na escola infantil a poda ter, a única cuestión que prantexa o grupo de goberno é que, sabendo que o Consorcio fixo unha modificación do réxime económico para os concellos de 2.500 euros por alumno descontando 1.900 euros si hai mantemento por parte dos concellos, que o concello de Allariz rechaza porque a escola infantil de Allariz era municipal e incorporouse posteriormente ó Consorcio co persoal e demais medios. Por todo isto, hai que saber que o concello non ten a capacidade absoluta, forma parte dun Consorcio que é quen xestiona a rede de escolas infantís, por eso suxire que na moción se faga mención tamén, na parte resolutiva a “demandar do Consorcio e do Concello”, porque o concello non tería capacidade por se mesmo. Se o concello xestionara directamente a escola infantil estudaría outras posibilidades pero neste momento quen pon as ratios de alumnos e quen fai a inspección é o Consorcio, polo tanto non depende tanto da vontade municipal. O grupo de goberno apoia a moción, coincide co obxectivo, pero pide que se incorpore o Consorcio como entidade xestora da escola.

Polo Grupo municipal do Partido Popular non hai intervencións.

Acéptase polo grupo municipal socialista a proposta trasaccional do BNG de incluír na parte resolutiva “demandar do Consorcio e do Concello”

Polo exposto,

O Pleno, pola unanimidade dos dez concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, acorda aprobar a moción de data 18/05/2017, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, co seguinte teor literal:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escola infantil de Allariz ( A Galiña Azul ) perrtencente a rede de escolas xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, volta un ano máis a deixar a 11 cativos sen praza.

No curso 2016-2017 foron dez nenos e nenas de entre 0 e 3 anos os que non puideron acceder a unha praza pública na escola infantil do noso concello. Para o curso escolar 2017-2018 a lista provisional de admitidos, volta a deixar senn praza a 11 nenos e nenas do noso municipio.

Chegados a este punto que se repite no tempo, temos que concordar que temos un problema que precisa dunha solución inmediata e que lle corresponde ao Concello alaricano procurala.

Os datos obxectivos poñen de manifestó que Allariz ten unha poboación xove e de mediana idade importante e que os nacementos supoñen unha chama de esperanza dentro do panorama desolador da crise demográfica e do despoboamento do noso mundo rural. Allariz como en outras moitas cousas, nisto tamén é unha illa na contorna provincial.

E por iso que estamos na obriga de mimar os servizos que se prestan a hora de escolarizar a tódolos nenos/as do noso concello dada a importancia desta medida a hora de conciliar a vida laboral e familiar en todo tipo de familias. O Concello de Allariz ten que ser sensible a esta necesidade e debe favorecer o acceso a educación infantil como motor de igualdade.

Para elo resulta imprescindible achegar solución. Primeiro estudar a posibilidade de ampliar a actual escola infantil, dado que outro tipo de medidas alternativas como podía ser a privadas, resulta imposible debido a súa inexistencia no noso termo municipal.

Tendo en conta o exposto, Allariz ten un problema que afecta a escolarización no primeiro ciclo de educación infantil, que se repite no tempo, que dificulta a igualdade de oportunidades e a conciliación da vida laboral e familiar. Por elo o Grupo Municipal Socialista, presenta, para a súa consideración e aceptación, a esta Corporación Municipal, o seguinte,

## ACORDO:

***Demandar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e do Concello de Allariz (\*) que se procuren de xeito urxente as solucións que sexan precisas para acadar a total escolarización dos cativos/as do municipio, no primeiro ciclo de Educación Infantil.***

*(\*) Proposta transaccional do Grupo municipal do BNG aceptada polo Grupo proponente e aprobada.*

### **7. MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre a mellora da sinalización dos establecementos comerciais e hostaleiros do casco histórico de Allariz.**

Da conta da moción de data 16.05.2017, núm. 1575, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

Polo grupo de goberno, o Alcalde explica que, formalmente, a Asociación de Hostaleiros non chegaron a presentar proposta algunha, alomenos a él non lle consta. A sinalética actual está homologada co que hai para este tipo de establecementos en calquer cidade, estando todos os establecementos debidamente sinalizados tanto nas rúas como nas estradas de Allariz. O BNG vai propoñer unha transacción no sentido de que sería pouco operativo a posibilidade que cada unha das rúas tivera unha sinalética, tendo en conta a diversidade de comercios, mesmo habería que establecer un modelo que habería que estar actualizando permanentemente; tendo en conta que estamos a falar dun casco histórico hai que ter en conta tamén a harmonía do conxunto. Tense sido moi tolerantes coas solucións individuais que ten que ver co período de crise no comercio, de xeito que era importante que non se percibira que as decisións administrativas poideran ser motivo ou alomenos que non foran interpretadas de xeito negativo ou favorecedoras das non vendas. Considera o Alcalde que hai moitos métodos, desde os folletos de divulgación en colaboración entre o Concello e os comerciantes e hostaleiros ata as redes sociais, páxinas web, información dixital... por eso entende que a solución ó problema pasa mais polo coñecemento do establecemento, polas súas ofertas, que teña en conta a dinamización, de feito as propostas que está habendo van nesa liña, sacando mercancía á rúa dando a sensación de maior dinamismo. Cunha perspectiva mais ampla, sinala o Alcalde, a transacción podería ser do seguinte teor: **“Que o Concello de Allariz colabore coa Asociación de Comerciantes e Hostaleiros e co sector en xeral** (hai que ter en conta que hai comerciantes que non están asociados e que tamén hai comerciantes fora do Casco) **nas fórmulas que permitan incrementar a dinamización económica e a publicidade da oferta comercial de Allariz”**, deixando en cada caso si finalmente é un panel, un folleto. A vontade do concello é de colaboración con ese tipo de iniciativas, caso da rúa Castela coa decoración o ano pasado, coa mercadoría e os produtos na rúa, podería crear un ambiente moito mais atractivo para os usuarios, os clientes. Abriríanse así mais as posibilidades se a portavoz do grupo socialista o considera.

A portavoz socialista acepta a proposta transaccional.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa concelleira, M<sup>a</sup> del Carmen Pérez González, sinala que, aceptando que calquer medida que poda servir de axuda para fomentar o comercio local de Allariz, son benvidas pero entende que o problema comercial non se resolve pondo mais carteis, o apoio municipal ten que ir por outras vías para axudar ó comercio, afirma.

A portavoz do grupo socialista aclara, a este respecto que, coa moción o que fai é trasladar unha inquietude que lle trasladaron membros da Asociación de Hostaleiros e Comerciantes que demandan unha mellora na sinalización, nada mais.

O Alcalde reitera que a proposta transaccional é clara: **“Que o Concello de Allariz colabore coa Asociación de Comerciantes e Hostaleiros, e co sector en xeral, nas fórmulas que permitan incrementar a dinamización económica e a publicidade da oferta comercial de Allariz”**, deste xeito ábreanse as posibilidades de colaboración sen cinguirse a un tipo de publicidade como son os carteis.

A portavoz socialista acepta a proposta transaccional.

Polo exposto,

Pola maioría absoluta legal, cos votos favorables da concelleira do grupo municipal do PsdeG-PSOE (1) e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (7), coa abstención

das concelleiras do grupo municipal do PP (2), presentes na sesión no momento da votación, o Pleno acorda aprobar a moción de data 16/05/2017, presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE nos seguintes termos:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta indiscutible que un dos piares fundamentais da economía local do noso Concello é o comercio e a hostalaría. Dende a Administración Municipal hai que estar en contacto permanente con este sector e cós seus representantes e mimalo. Estar en permanente mellora e a vangarda, pois os recursos económicos que xera son fundamentais.

En datas pasadas un grupo de autónomos ( comerciais e hostaleiros ) cuxos locais de negocio están situados na Rúa Portelo, puxéronse en contacto có Concello para trasladarle a necesidade de instalar unha nova sinalización, que recollera a modo de panel informativo todos e cada un dos locais de negocio desta transitada rúa.

Semella unha boa idea que pode ser ampliada a tódalas rúas do Casco Histórico e adxacentes ao mesmo. Establecer paneis informativos, acordos coas normas urbanísticas vixentes, onde se publicite e se informe de cada un dos establecementos situados en cada rúa e as súas especificidades.

Con esta medida se estaría promocionando e publicitando cada un dos locais de negocio e se evitaría que de xeito individual ou particular se coloque cartelería polas rúas, polas paredes ou pendurada das fiestras; o que supón algo pouco estético e nalgún caso un estorbo para os viandantes.

Esta sinalética abranguería as rúas do casco histórico e arredores onde se informaría dos locais para comer, para descansar, para picar e tomar algo, lugares de interese; así como dos diversos establecementos comerciais, de artesanía, delicatessen e pastelería que están espallados polo noso singular centro histórico.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista no concello de Allariz, presenta, para a súa consideración e aceptación, a esta Corporación Municipal, o seguinte,

### ACORDO:

***Que o Concello de Allariz colabore coa Asociación de Comerciantes e Hostaleiros, e co sector en xeral, nas fórmulas que permitan incrementar a dinamización económica e a publicación da oferta comercial de Allariz (\*) que encaixe no entorno natural, e sirva para informar e publicitar os mesmos dun xeito máis acaído."***

***(\*) Proposta transaccional do Grupo municipal do BNG aceptada polo Grupo proponente e aprobada.***

(Despois da votación, por razóns persoais auséntase da sesión a concelleira do BNG Teresa Devesa Graña)

### 8. MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre mobilidade sustentable no Concello de Allariz.

Da conta da moción de data 16.05.2017, núm. 1883, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

Polo grupo de goberno, o Alcalde explica que, reitera a súa coincidencia en relación con algúns aspectos expresados na moción especialmente coa iniciativa municipal para incidir nesa utilización das estradas, tamén da rede de camiños e a súa paisaxe como elementos atractivos para a práctica da actividade ciclista, e polo tanto o seu grupo vai apoiar a iniciativa co Clube Ciclista de Maceda. En relación á parte resolutiva da moción, non ve claro que o feito de que se inclúan todas e cada das vías pode resultar un pouco esaxerado porque, aínda que todas as vías podan ser consideradas seguras, sen embargo para ter usos preferentes, p. ex. a carretera vella, entre Allariz e Piñeira, xa ten esa práctica bastante asentada, incluso no verán se programan probas para afeccionados, e probablemente poda ter mellores condicións que, p. ex. a N-525, a cal, polo deterioro que presenta a súa capa asfáltica á altura da Padela impide que os mesmos coches circulen con seguridade. Por eso, se a portavoz o permite, sen restarlle para nada transcendencia ao acordo quizáis se se incorpore **"que se estudie a adopción das medidas precisas..."** A moción di que "se adopten as medidas precisas", él propón "que se estudie a

adopción das medidas precisas..." porque cada unha das estradas podería ter un tratamento diferenciado, mesmo pode haber estradas nas que a necesidade de ter que manter unha velocidade determinada impide que o tránsito dos ciclistas poda estar tan garantido como outras nas que os usuarios dos coches poden aceptar outras medidas, p. ex. a N-525 é mais difícil. Por eso, o que demandaríamos doutras administracións é que elas mesmas fixeran o estudio para ver en qué condicións se pode utilizar cada unha das vías: unha pode ser de uso preferente, outras poden ser compatibéis, e noutras non hai posibilidade de facelo. En definitiva, propón que **"que se estudie a adopción das medidas precisas..."** en vez de que "se adopten as medidas precisas" como establece a moción, para non provocar un rechazo específico da administración titular da vía que podería facelo xustificadamente.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que, por unha parte non pode mostrar desacordo coa proposta pero si ten que matizar que quizáis se fai un *tórum revolútum* con todas as estradas o cal pode parecer unha utopía porque cada unha das estradas ten a súa realidade, p. ex. a N-525 ten unhas condicións bastante complicadas ás que xa se referiu o Alcalde; efectivamente, sobre todas e cada unha delas pódense pedir informes e ver de qué maneira se poderían relacionar unhas ou outras nese senso. É unha proposta moi ambiciosa, utópica, polas propias características das estradas porque casi todas elas son estradas moi estreitas que requiren tales cambios na súa infraestrutura para merecer a cualificación de rede segura para bicicletas ou peóns cun investimento moi importante. O que se pode facer, dentro do ámbito municipal, a través das redes de sendas das que xa dispomos, sinala, é pedir todas as axudas necesarias ás administracións correspondentes, Deputación e Xunta de Galicia, con eso están completamente de acordo, para apoiar unha proposta para alcanzar para Allariz un modelo óptimo de calidade de vida para a prácticas dos deportes, porque xa temos sendas moi importantes das que se pode dispor con menos custe para aproveitar para facer este tipo de deporte, mesmo desde Allariz a Santa Mariña hai unha calzada desaproveitada que se se limpa e se pon en valor podería ser unha calzada maravillosa para practicar o sendeirismo tanto pola súa estrutura e dimensións. Está tamén a propia orografía do río Arnoia que permitiría xunto con Xunqueira e Baños de Molgas crear unha ruta, unha senda cómoda e sustentable para practicar o sendeirismo e a bici, ademais hai que tratar de manter as rutas de sendeirismo que se poden aproveitar no noso concello que son moitas en condicións de seguridade e accesibilidade para todos. Reitera, tal como está redactada a moción o seu grupo vaise abster e espera que a proposta se concrete un pouco mais cos informes e estudos que se podan pedir e, de ser o caso, podería estudiarse, pero tendo en conta as posibilidades reais de execución, tendo en conta tamén a propia orografía e a tipoloxía da rede de estradas que temos.

No turno de réplica, polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, sinala que xa hai plans autonómicos, con orzamentos, adicados a esto. A moción socialista pode ser moi utópica para o grupo municipal do Partido Popular pero o certo é que hai un orzamento adicado para levar a cabo esta iniciativa. E non se materializou o borrador do plan director de mobilidade alternativa de Galicia de 2013, está sen materializarse, co cal esto non é unha utopía, é mais ben un deber, unha obriga.

Por último, intervén o Alcalde para reiterar un pronunciamento sobre a proposta transaccional **"que se estudie a adopción das medidas precisas..."**

A portavoz socialista recorda que, de feito a moción xa fai referencia **ás medidas precisas**, non ve a diferenza.

O Alcalde fai fincapé en que a diferenza está en **"que se estudie a adopción das medidas..."** porque podería haber prioridades á hora de ver qué estradas poden reunir as condicións... porque tamén está o caso dos camiños escolares que o concello está estudando coa Deputación Provincial que non entra en contradición coa iniciativa do Grupo Municipal Socialista. A intención non é dilatar todo aquilo que se poda por en marcha por parte da Xunta de Galicia senón que se poda dar pé a un rechazo frontal por ser preciso un estudio previo da situación.

A portavoz socialista acepta a proposta transaccional nos termos expresados que se engadirá na parte resolutiva: **"que se estudie e se adopten, en función do estudio, as medidas precisas..."**

Polo exposto,

Pola maioría absoluta legal, cos votos favorables da concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE (1) e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (6), coa abstención das concelleiras do grupo municipal do PP (2), presentes na sesión no momento da votación, o Pleno acorda aprobar a moción de data 16/05/2017, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE nos seguintes termos:

## Exposición de motivos:

A práctica do ciclismo nas súas distintas modalidades experimentou un crecemento exponencial tamén no noso concello. Son moitas/os os veciños/as e visitantes que practican de xeito asiduo este hábito de ocio e deporte polas estradas que percorren o noso termo municipal.

Tanto é así que na actualidade existen no Concello dúas asociación (ASOCIAL. CC Allariz) que de xeito habitual veñen promovendo a práctica desta actividade lúdico-deportiva, tanto dentro como fora das terras alaricanas, cun notable éxito e considerable participación.

Foi en concreto unha delas a que nos trasladou as súas inquedanzas polo aumento da sinistralidade no mundo do ciclismo e o seu desexo de **sensibilizar e concienciar sobre esta traxedia do asfalto tanto a ciclistas como condutores e a poboación en xeral**, así como a súa vontade de executar un plan de rutas e traxectos seguros para a práctica desta fermosa e pracenteira actividade.

Alá polo ano 2013, a Xunta de Galicia redactou un borrador sobre a estratexia en materia de mobilidade alternativa, dentro do Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia. Neste documento que aínda está en fase de tramitación se define a mobilidade sustentable como *"aquela capaz de satisfacer as necesidades da sociedade de moverse libremente, acceder, comunicar, comercializar ou establecer relación sen sacrificar outros valores humanos ou ecolóxicos básicos actuais ou de futuro. Isto supón máis que conseguir reducir a contaminación que sae dos tubos de escape dos automóviles; a mobilidade sustentable tamén busca protexer aos colectivos máis vulnerables (peóns, ciclistas ou persoas con mobilidade reducida), dar valor ao tempo empregado nos desprazamentos, internalizar os custos socioeconómicos de cada medio de locomoción ou garantir o acceso universal de todos os cidadáns aos lugares públicos e equipamentos en transporte público colectivo ou en medios non motorizados."*

Nese mesmo documento de traballo pónse de manifesto a necesidade de explorar as novas posibilidades que brinda a Lei de Estradas de Galicia, "de optimizar o espazo viario para permitir non só o fluxo de vehículos, senón tamén para complementalo coa posibilidade de dotalo dun espazo para a circulación peonil e ciclista. O fomento dos modos non motorizados alternativos ao coche constitúe a liña prioritaria de traballo para o logro da devandita meta, **sendo o peón e a bicicleta os actores fundamentais do cambio necesario da mobilidade cara a pautas de maior sustentabilidade**, tanto no ámbito urbano, como no interurbano."

Hoxe en día a rede de estradas que comunica o Concello de Allariz, tanto de titularidade municipal, provincial, autonómica ou estatal; ofrece unhas condicións axeitadas para a mobilidade ciclista e peonil por ser estradas tranquilas cunha baixa IMD de tráfico, e deben polo tanto ser aproveitadas para esta finalidade.

Xa o Plan de Acción de agosto de 2009 das Axendas 21 da Reserva da Biosfera na Área de Allariz, establecía dentro das súas liñas de actuación a creación de carris bici que discorren polos concellos da Reserva conectando diferentes puntos de interese local, permitindo aos usuarios a posibilidade de realizar deporte e o mesmo tempo disfrutar de espazos naturais senlleiros e de elementos culturais do seu territorio. En concreto n aliña estratéxica 6 de mellora dos servizos culturais, deportivos e de ocio, estaba prevista *"a creación de rutas de sendeirismo e de bici que ofrecen ao usuario a oportunidade de contemplar paraxes de gran valor ecolóxico, natural e cultural, ao mesmo tempo que practican deporte. Tamén favorecen á dinamización do sector turístico dunha zona, xa que é un atractivo máis do rural que atrae a visitantes que teñen a posibilidade de degustar a gastronomía local e hospedarse en casas de turismo rural."*

Chegou o tempo de plasmar na realidade estas e outras iniciativas e de instar dende a Corporación Municipal as distintas administración públicas con competencias na materia a que se poida practicar unha mobilidade alternativa e sustentable tanto no noso termo municipal como na súa contorna, aplicando medidas que fagan as nosas estradas seguras para os ciclistas ou estradas de uso preferente ciclista.

A demanda deste colectivo no que se refire a rutas seguras abrangue a rede viaria local, a rede da Deputación Provincial (OU-0101 Allariz-Taboadela/OU-0108 Allariz – Maceda), a rede secundaria autonómica (OU-300 Allariz-Celanova/ OU-320 Polígono San Cibrao-Allariz-Piñeira de Arcos) así como a estrada estatal N-525.

Allariz que conta cunha rede de estradas importante, unha orografía atractiva, unha paisaxe envexable e un patrimonio singular, pode converterse nun refuxio de ciclistas dotando as vías de comunicación existentes de máis seguridade e converténdooas en rutas ciclistas seguras tal e como está a demandalas a Dirección Xeral de Tráfico. Asemade estaríamos a promover outro

punto de referencia de cara a motos/as visitantes que virían ao noso concello desfrutar destas actividades deportivas e de lecer.

O abano de posibilidades para converter as nosas estradas en rutas seguras vai dende a pacificación do tráfico en estradas de uso preferente ciclista, ou segundo as directrices da "Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa de Galicia," recollidas na Orde Circular 4/2016, ir creando paulatinamente zonas de tránsito peonil, zonas de tránsito ciclista ou ben sendas mixtas de tránsito peonil e ciclista. A maiores podería deseñarse e executarse un circuito da Reserva da Biosfera, entre Allariz, Vilar de Santos e A Bola de preto de 50 km.

Son moitas as posibilidades que se albiscan no horizonte polo que atinxe a esta mobilidade alternativa e sustentable, cómpre vontade política para que se poida materializar esta aspiración; e por elo veño a propor ó Pleno a adopción do seguinte,

#### **ACORDO:**

**Concello de Allariz insta a Deputación Provincial de Ourense, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, a que se estudie e se adopten, en función do estudio, as medidas precisas (\*) para declarar as estradas das que son competentes no termo municipal de Allariz e lindeiros, como rutas ciclistas seguras ou vías de uso preferente ciclista.**

*(\*) Proposta transaccional do Grupo municipal do BNG aceptada polo Grupo proponente e aprobada polo Pleno.*

#### **9. MOCIÓN DO PsdeG-PSOE sobre o restablecemento do servizo de ciruxía pediátrica no complexo hospitalario universitario de Ourense (CHUOU) por parte da Xunta de Galicia.**

Da conta da moción de data 23.06.2017, núm. 1983, presentada polo grupo municipal socialista de Allariz, a súa portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, nos seguintes termos:

O BNG, declara o Alcalde, coincide co grupo municipal socialista nesta cuestión porque ten defendido a mesma posición, non ten nada que obxectar, e polo tanto vai votar favorablemente, mesmo, recorda, que foi o Dr. Garrido, que residía en Allariz, un dos últimos Ciruxáns do Servizo, e a ourensanía mais que un concepto vacío debería ser que os servizos públicos destas características non levaran aparelado non só os problemas sanitarios que conlevan como se expresa na moción senón tamén os efectos sociais de desprazamento, gastos, e dificultade para moitas familias. Tamén ten moito que ver esto co que xa se dicía antes sobre a financiación pública que debería poder manter os servizos e desde logo pon de manifesto que a política de recortes non é gratuítas e afecta de xeito importante, como se ve, a moitas familias; o BNG está de acordo e apoiará a moción.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que a seu grupo político non lle gusta este tipo de mocións porque o que pretenden é xerar alarma e desconfianza na veciñanza e cree que coa saúde non se pode xogar. Recorda a portavoz que, efectivamente, o asunto púxose de manifesto no 2013 coa xubilación do Dr. Garrido pero, en outubro dese ano, o Sergas puxo en marcha a Área de Servizo Compartido de Ciruxía Pediátrica para a Zona Sur de Galicia formada polos Complexos Hospitalarios de Ourense e Vigo co obxectivo de reforzar esta prestación no CHUO o Centro de Referencia de Ciruxía Pediátrica para a provincia de Ourense. Considera a portavoz que nos cambios que se están dando na prestación da sanidade pública os grandes hospitais están sendo centros de referencia e se aglutinan os servizos é por unha razón de optimización dos recursos, pero é así tamén para moitos servizos que requiren dun desprazamento. Por eso, o prantexamento que se fai na moción é unha alarma, porque quenes non viven exactamente en Ourense cidade teñen que desprazarse, aínda tendo hospitais en Valdeorras ou en Verín porque moitos servizos de ciruxía unicamente se poden prestar en Ourense. Que isto non é a situación ideal, é probable, afirma, pero o certo é que non todos os servizos hospitalarios se poden prestar en todos os centros. Tampouco é certo, como se pretende, que o servizo de ciruxía se preste como se indica na moción porque a sección da ciruxía pediátrica do CHUO rexistra unha lista de ciruxía programada e urxente dunhas 200 intervencións anuais, concretamente 186 no pasado ano 2016, o que representa a práctica totalidade da demanda quirúrxica e de consultas que se rexistran. Nos últimos 3 anos, 2014, 2015 e 2016, realizáronse 563 intervencións e 3.249 consultas de ciruxía pediátrica directamente no CHUO. Para asumir esta actividade, ata o pasado mes de febreiro o CHUO contaba con dous ciruxáns pediátricos propios a tempo completo co apoio de dos servizos de uroloxía e ciruxía xeral. Con traslado dun deles, por petición propia, desde o pasado mes de marzo conta cun só especialista que atende as consultas e



indica a ciruxía pero non pode asumir en solitario, efectivamente, todas as intervencións. Dende a chegada do novo equipo directivo, en marzo pasado, desenvolvéronse numerosas xestións coa Xerencia Integrada de Vigo para facer efectivo o seu compromiso co Servizo da Área Compartida, froito delo, coa colaboración do Servizo de Ciruxía Pediátrica de Vigo o propio mércores día 21 reiniciaron intervencións de ciruxía pediátrica directamente no CHUO. Ademais, continúaase realizando unha activa procura en todo o país para contratar de xeito estable no CHUO a un ciruxán pediátrico mais, que ata o momento non deu resultados porque existen poucos especialistas e ningún deles está dispoñible neste intre. Isto é unha realidade, pero non por elo podemos xerar alarma por culpa do que se expresa na moción. O obxectivo irrenunciábel dos responsábeis da Xerencia da Xestión Integrada do Sergas en Ourense é manter no CHUO este servizo de xeito integral, resolutivo e autónomo, polo que explorará todas aquelas opcións posibles para evitar o traslado dos nenos de Ourense a outra provincia para ser intervidos, mentras non se contrata a un profesional mais para dar unha solución definitiva a esta problemática. Reitera que se está na procura de que isto sexa canto antes mellor. Mentras non se atopa unha solución definitiva e para non prolongar a espera dos nenos no CHUO faise unha valoración de caso por caso, ofertaráselles a posibilidade de ser operados en Vigo, e sen non o desexan, agardarían para facelo directamente en Ourense. Cree a portavoz que con isto respóndese á realidade que está pasando, non nega que volve haber unha situación deficiente pola falta dun ciruxán pero hai que recoñecer, como afirma o Sergas nos seus comunicados, que se unha persoa pide un traslado en ten dereito a telo ata que se atope outro especialista, o cal non é fácil, non se pode facer nada. Os nenos hai que darlle resposta, hai que operalos, terá que facerse en Vigo, o cal se fai a costa do Sergas, que asume os custes nestes casos para o desprazamento das familias. Crear alarmismo, afirma a portavoz, é un populismo innecesario porque a xente sabe o que ocorre e sabe valorar con ponderación. Son prantexamentos populistas e casi demagóxicos porque coa saúde das persoas non debería xogarse, afirma a portavoz. Hai cousas que son importantes, prioritarias, e cousas coas que non se pode xogar, por eso anuncia o seu voto en contra.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, no turno de réplica cita unha nova publicada en *Ourense dixital* do 28 de xuño de 2017 co seguinte titular *SOS Sanidade Pública de Ourense llevará a la Fiscalía y a la Valedora do Pobo Cirugía Pediátrica del CHUO* (a portavoz socialista da conta do contido pormenorizado da nova que, por razóns de economía procesal, non é preciso transcribir, xa que figura por extenso no citado diario dixital). A portavoz socialista argumenta, á vista de novas como as que acaba de citar que quizais non se están facendo as cousas tan ben, ao mellor a alarma da que fala a portavoz do Partido Popular non é tal.

A portavoz do grupo municipal do Partido Popular insiste en que o Sergas xa respondeu, xa deu explicacións sobre este asunto, a portavoz socialista que ten acceso á prensa tamén pode comprobar o comunicado do Sergas que explica exactamente o que ela acaba de sinalar e a alarma pódese xerar de moitos xeitos, ningún lle está dicindo a un pai que leve a operar a súa filla a un hospital privado; tampouco isto é competencia do concello, mais ben podería ser propio dos debates no Parlamento de Galicia e noutros lugares.

A portavoz socialista replica que non é aceptable que se lle fiscalice o que ela pode levar ó pleno ou non, traerá as mocións que considere oportunas e pertinentes en cada momento, afirma.

Conclúe o Alcalde sinalando que, en todo caso, a alarma non está en difundir esta carencia, a alarma está en suprimir este servizo. Se imaxináramos que ese servizo dependera do BNG seguramente xa se estarían dicindo cousas parecidas a *cómo non é posible atopar un ciruxano...* En definitiva, cree que unha poboación de 300.000 habitantes, un área sanitaria para tal poboación, o obxectivo parece razoable: demandar que exista un servizo como o que se está a falar para evitar os trastornos que se comentan, sen prexuízo de que despois poda haber probas moi singulares de tratamento custosos que polo seu importe non podan ter unha asistencia en cada centro.

Polo exposto,

Pola maioría absoluta legal, cos votos favorables da concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE (1) e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG (6), co voto desfavorable das concelleiras do grupo municipal do PP (2), presentes na sesión no momento da votación, o Pleno acorda aprobar a moción de data 23/06/2017, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE nos seguintes termos:

## Exposición de motivos

O servizo de Ciruxía Pediátrica veuse prestando en Ourense con normalidade ata que a Xerencia do CHUOU decidiu non cubrir as vacantes producidas pola xubilación e traslado de dous cirurxiáns pediátricos hai xa case uns 6 anos, en **2013**. Calquera neno desta provincia que precise unha intervención cirúrxica e que aconteza despois das 15 horas nos días de semana e ao longo das 24 dos domingos e festivos ten que ser derivado ao Hospital de Vigo, sendo o argumento da Xerencia do CHUOU que son moi escasas as intervencións deste tipo.

Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública e varias formacións políticas que se sumaron ás numerosas iniciativas do PSdeG-PSOE no Parlamento de Galicia, defendemos que non é unha cuestión de cantidade, xa que detrás de cada derivación a Vigo hai un neno ou nena a quen se lle retrasa a solución do seu problema, hai unha familia de Ourense que se ten que desprazar para acompañalo e sofre un aumento dos riscos para a saúde dos nenos supondo un incremento tamén de problemas para as súas familias. **Denunciamos que non se trata só de problemas de saúde, senón de problemas humanos e sociais e unha clara perda na calidade e nos propios servizos para Ourense.**

Asemade, dende o inicio do mandato no Goberno Galego de Alberto Núñez Feijóo, **vimos denunciando que os recortes sanitarios son a súa sinal de identidade, e afectan case sempre ás persoas máis necesitadas, penalizan e castigan aos enfermos, e terminan por converter o dereito universal á saúde nun privilexio para todos aqueles que dispoñan de recursos económicos.**

Pois ben, máis recentemente, neste ano 2017, observamos que **a preocupación e indignación dos pais e nais de moitos nenos e nenas da nosa provincia que precisan de dito servizo vai en aumento**, non sendo atendidos no CHUOU e aínda por riba sendo derivados a outras provincias. O cambio na Xerencia do Hospital supuxo seguir na mesma liña, convertendo a Ourense na “periferia sanitaria” de Galicia, cun Plan Director que segue a cumprir prazos, **mantendo o desmantelamento da atención cirúrxica urxente para os nenos, sen repoñer cirurxiáns, pediátricos, cunha lista de garda neste servizo de preto de 140 nenos, cuxas probas de anestesia e preoperatorio caducan sistemáticamente tendo que volver a ser citados.**

Todo isto motivado polo engano da Xunta de Galicia, que a pesar de crear en 2013 a “Área de Servizo Compartido de Ciruxía Pediátrica da Zona Sur,” prometendo que os nenos con patoloxías non complexas fosen atendidos en Ourense, resultou ter o efecto contrario, **os nenos non son atendidos en Ourense e son derivados á lista de espera de Vigo, que contempla un número estimado de preto de 1000 nenos pendentes de intervención**. O cal tamén leva consigo **efectos colaterais para os propios nenos e as súas familias**, coma por exemplo: **desprazamentos para consulta, preoperatorio, trámites da operación, gastos de viaxe, manutención, etc.** propiciando que moitas destas familias non poidan asumilo e noutros casos que supoña un serio trastorno para a conciliación da súa vida laboral e familiar.

Por todo canto queda exposto, veño a propor ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

### ACORDO:

O Pleno do Concello de Allariz acorda instar á Xunta de Galicia a que **de maneira urxente adopte as medidas oportunas para o Restablecemento do Servizo de Cirurxía Pediátrica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense** co fin de que calquera neno da nosa provincia poida acceder a ese servizo calquera día do ano sen ter que ser derivado a outra provincia galega, e se vexan reducidas as excesivas listas de agarda que están a poñer en risco a saúde e incluso a vida dos nenos e nenas da provincia de Ourense que precisan dalgunha intervención de este tipo.

## 10. Rogos e Preguntas.

Polo grupo municipal socialista, presentáronse por escrito as seguintes, das que da conta a propia portavoz, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba:

### 10.1 Preguntas.

■ 1ª).- No Boletín Oficial da Provincia nº 111 de data martes 16 de maio de 2017, publícase unha solicitude de concesión dun aproveitamento de auga realizada polo Concello

de Allariz a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. En relación con esta cuestión, interesa saber cal é o uso dese aproveitamento, cales son as entidades de poboación que se verán beneficiadas por esa medida e cómo se fixo a selección das mesmas, e por canto tempo se efectuará o bombeo.

Responde o Alcalde sinalando que esta publicación á que se refire a portavoz refírese a á execución dunhas obras de abastecemento de auga potable levadas a cabo fai anos para mellorar o subministro de auga para Allariz e Taboadela para reforzar e mellorar o bombeo e depóstico existentes das parroquias da marxe dereita de Allariz e Concello de Taboadela. Seguramente, por razóns burocráticas propias da Confederación Hidrográfica as publicacións estanse facendo agora.

■ 2ª).- Alá polo mes de febreiro do ano 2015, o Concello de Allariz publicitou a apertura de embaixadas comerciais en tres puntos da península ibérica, Vigo, País Vasco e Portugal. En relación con esta cuestión, interesa saber si a iniciativa aínda a día de hoxe está en vigor, qué partida orzamentaria se adica nos vixentes orzamentos municipais para tal finalidade, e caánto se gastou nesta loable iniciativa en cuestión, dende a súa presentación pública; e cál e a valoración que fai o goberno municipal dos resultados obtidos con esta medida.

Responde o Alcalde sinalando que se fixo unha laboura de contraste e divulgación con aqueles produtores tradicionais mais interesados de Allariz, explorouse en Vigo, tanto no mercado existente do Progreso como en algunha tenda independente pero, de momento nin polas condicións ofertadas nin tamén polo interés demostrado polos produtores que atopan outras vías para a comercialización, aínda que non desbotamos que esto poda ser de interés desde o punto de vista da promoción, divulgación, presentación de eventos municipais, captación de turismo, sen embargo, no que se refire á comercialización específica non se ten materializado. As partidas económicas destinadas á adecuación de locais para esa finalidade e unha xestión sustentable non tivo efectos.

■ 3ª).- Fai xa tamén algún tempo que o Concello de Allariz anunciou a creación e normativización dun selo denominado "Allariz" no que se incluírían os diferentes produtos do noso concello, así como as condicións de uso desta marca específica e local. En relación con esta iniciativa interesa coñecer en que situación se atopa na actualidade e se está conformado todo o marco normativo que debería regulalo.

Responde o Alcalde sinalando que, de momento o selo que estamos utilizando, "producto artesán de Allariz" referido especificamente a uns produtos concretos, doces e amendoados que son quenos o utilizan e posteriormente pasouse a utilizar noutro ámbito xa da reserva da biosfera en relación á produción ecolóxica, a iniciativa do mercado semanal da reserva da biosfera, co aval do seu marchamo, do seu nome. O selo "Allariz" tería posibilidade de estudarse, desde outra perspectiva, como un clube de calidade, nos que o concello ten priorizado outros produtos como é a carne de boi no que se ten aprobado o seu propio regulamento e que de cara ó futuro, probablemente, podería haber un selo de calidade "Allariz" que tivera que ver con hostelería, comercio e en base ao cumprimento de requisitos que aínda están por ver.

## 10.2 Rogos.

1. O pasado 21 de abril tivo lugar na nosa vila o Foro Boi, unha interesante e pedagóxica actividade que se celebrou ao longo do día. Nela se expuxeron importantes relatorios:

- Allariz do século XI ao XII.
- Estado das Fontes Históricas.
- Os xudeus de Allariz.
- Allariz do século XVIII.
- O Urbanismo do Allariz medieval.
- A figura de Xan Carallás de Redondela.
- Allariz a través dos séculos.
- Quince anos do Boi na escola.

Tendo en conta a importancia das aportacións, sería preciso publicalas para difundilas entre a veciñanza e así profundar no coñecemento e difusión da historia da nosa vila sobranceira.

2. Que se me trasladen os resultados da enquisa realizada na pasada Semana Santa polos alumnos da universidade de Vigo aos visitantes do Concello de Allariz.

**3.** Aínda que o Concello para a celebración da pasada Andaina por Allariz fixo un esforzo importante na limpeza e roza de camiños e corredeiras, resulta imprescindible acometer estas tarefas na veira do río ao seu paso pola zona da Veiga, xa que o seu paso é intransitable e esta practicamente na entorno urbano da vila.

**4.** A senda peonil que está acometer a Xunta de Galicia na OU-320 no encete da estrada de Gundiás, non pode quedar tal e como se atopa na actualidade e debe ser rematada como se merece unha entrada e saída da vila.

Declara o Alcalde que tomamos nota dos rogos e sinala que, afortunadamente, temos un país que é moi productivo, en contra de todos os criterios, é capaz de que o ciclo da herba medre dúas veces, aínda tendo un ano de sequía como éste. Algunha actuación, como a da Veiga, xa está feita, pero, de todos xeitos, toma nota para que os servizos municipais sigan facendo esa labor. Valora a petición, aínda que un breve resumen das conclusións desas enquisas xa se fixo en Semana Santa para que se poda trasladar. En relación á xornada que desenvolveu Xan de Arzúa intentárase ver se é posible facer esa edición tal como se recomenda no rogo.

**10.3 Oralmente**, a portavoz do grupo municipal socialista, Zaida Auxiliadora Rodríguez Camba, formula a seguinte pregunta:

Dende fai uns días vense comentando, non sabe moi ben se é un rumor entre os veciños, unha serie de bichos invertebrados que apareceron na Acearrica (exhibe unha foto ampliada) pregunta se o concello tivo coñecemento da aparición destes bichos, vermes ou orugas.

Responde o Alcalde que as fotocopias ampliadas poden xerar algunha alarma. Que él saiba foi un bicho, en singular, un verme, unha oruga taladradora propia das chopeiras que, efectivamente, parece que mordeu a unha persoa. Pero non supoñen ningún perigo para os bañistas.

O Alcalde antes de levantar a sesión convida a todos os veciños a participar nas celebracións das festas do San Bieto do fin de semana.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO